

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO FILOSOFÍA
Curso 2022-2023

INDICE

- 1.- Introducción**
- 2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e aos elementos transversais**
- 3.- Programacións didácticas por curso (cursos pares)**
- 4.- Metodoloxía didáctica. Materiais e recursos didácticos**
- 5.- Procedemento para a avaliación inicial**
- 6.- Procedemento de avaliación continua**
- 7.- Procedemento de avaliación extraordinaria**
- 8.- Procedemento de avaliación das materias pendentes**
- 9.- Actividades complementarias programadas**
- 10.- Medidas de atención á diversidade**
- 11.- Indicadores de logro para avaliar a práctica docente**
- 12.- Indicadores de logro para avaliar a programación**

1. - INTRODUCCIÓN

Neste curso o departamento de filosofía está constituido por tres profesoras con destino definitivo no Centro (unha é a Xefa de estudos), un profesor funcionario en prácticas e un profesor interino.

As materias que impartimos este curso son:

- Proxecto competencial en 1º e 3º de ESO.
- Valores éticos en 2º, 3º e 4º de ESO
- Filosofía en 4º de ESO.
- Filosofía en 1º de Bacharelato.
- Historia da filosofía e Psicoloxía en 2º de Bacharelato.

Cabe mencionar que temos 1 grupo de 4º de ESO de Valores éticos, 2 de Filosofía e 1 de Psicoloxía con Seccións Bilingües. E ademais, tamén en inglés, Cineforum para 1º de Bacharelato e Habilidades Sociais para 2º de Bacharelato dentro do Pluribach.

2. - CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E AOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumnas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI.

Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007). Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e

dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

En segundo lugar, a materia de Filosofía impulsa no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. É por iso que o tratamento na aula desta materia ten que facer reflexionar ao alumnado sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.

A materia de Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas. A meditación filosófica esperta no alumnado o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente. Mercé ao autocoñecemento que promove a filosofía, o alumnado pode chegar a recoñecer que a fragilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

En terceiro lugar, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Como se ve, a Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das

competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á competencia en **comunicación lingüística**, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A **competencia de aprender a aprender** maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. É nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a **matemática** e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non chega a admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento, ousadía, iniciativa, como nos lembra Kant. A competencia dixital capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación. O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as expresións culturais que nos fan ser o que somos.

Tamén se abordan no currículo de Filosofía varios dos **elementos transversais de etapa**, os que atinxen basicamente ao espírito emprendedor e ao estudo dos proxectos empresariais, e á influencia que poden ter neles as achegas das ramas da filosofía.

Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están aglutinadas en varios bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación. Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as

consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e na metafísica) con rigor e precisión. Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a auto comprensión e o autocoñecemento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida democrática. Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razoamento lóxico e respectando as máximas que rexen a conduta racional comunicativa. Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. A finalidade é apropiarse criticamente dun conxunto de criterios estéticos para estimar o valor da produción cultural e artística e, chegado o caso, producir obras artísticas innovadoras con contido filosófico.

Tanto estes contidos curriculares coma o tratamento das competencias clave e dos elementos transversais invitan o profesorado da materia a emprender unha renovación metodolóxica na que os alumnos e as alumnas sexan quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino e aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas, sabias e felices. O tipo de persoa que a mellor filosofía nos presenta, desde sempre, como ideal humano.

3.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS POR CURSO
CURSOS PARES

HISTORIA DA FILOSOFÍA

CURSO: 2º BACHARELATO

AVALIACIÓN: 1ª

<u>BLOQUE I:</u>	<u>CLÁSICO-MEDIEVAL</u>
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: nove semanas</p> <p>CONTIDOS:</p> <ul style="list-style-type: none">-A orixe do cosmos na corrente presocrática.-Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.-Realidade e coñecemento en Platón.-Platón: antropoloxía e política.-Física e metafísica en Aristóteles.-Ética e política en Aristóteles-O problema razón/fe na filosofía medieval. <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Coñecer a orixe da Filosofía en Grecia.</p> <p>Saber establecer unha distinción clara entre as posicións dos filósofos presocráticos.</p> <p>Comprender o idealismo de Platón e establecer a relación deste con Sócrates, os sofistas e outros pensadores presocráticos.</p> <p>Comprender o realismo aristotélico en contraposición ó platonismo.</p> <p>Saber diferenciar a terminoloxía específica de cada filósofo interpretando e comprendendo o seu significado.</p> <p>Entender as vinculacións culturais e filosóficas entre o Helenismo, o xurdimento do cristianismo e a vinculación desde</p>

	<p>coa filosofía.</p> <p>Distinguir claramente a filosofía agostiniana da de Tomé de Aquino.</p> <p>Comprender as causas da filosofía de Ockham e a súa influencia no final da visión medieval.</p> <p>Comprender e analizar o problema razón e fe na filosofía medieval.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Distingue as filosofías dos presocráticos. Utiliza os termos axeitadamente. (1 punto)</p> <p>Diferencia entre idealismo e realismo, entre dualismo e hilemorfismo. (1 punto)</p> <p>Diferencia a concepción ética de Platón, Sócrates e os sofistas. (2 puntos)</p> <p>Comprende e explica con claridade as teorías fundamentais de Aristóteles. (2 puntos)</p> <p>Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas. (1 punto)</p> <p>Explica o encontro da filosofía cristián e do agostinismo. (1 punto)</p> <p>Discrimina as respostas do tomismo, a filosofía árabe e o nominalismo. (1 punto)</p>
--	---

B. - AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: un exame tipo ABAU, preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores, etc.

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase e especialmente a entrega de comentarios de texto dos autores (entrega mínima de dous comentarios) seleccionados no currículo. Nos exames tamén se terán en conta aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxes, caligrafía, etc.

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados. Para aprobar é necesario acadar un 5.

AVALIACIÓN: 2ª

<u>BLOQUE II:</u>	<u>MODERNO-ILUSTRADO</u>
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: nove semanas</p> <p>CONTIDOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Descartes: o problema do método e a evidencia do <i>cogito</i>. -Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade. -O liberalismo político de Locke. -Razón e progreso na Ilustración. -Os límites do coñecemento en Kant. -A lei moral en Kant. <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Coñecer o significado do xiro antropolóxico do Renacemento.</p> <p>Entender o racionalismo de Descartes relacionándoo e distinguíndoo do Empirismo.</p> <p>Coñecer o empirismo escéptico de Hume.</p> <p>Coñecer o liberalismo de Locke e Rousseau, relacionándoos cos sistemas democráticos actuais.</p> <p>Coñecer o idealismo trascendental de Kant (criticismo) contraponéndoo ás posicións de Descartes e Hume en torno ó coñecemento.</p> <p>Coñecer a teoría ética e política de Kant poñéndoa en relación cos ideais ilustrados. Entender a súa influencia posterior.</p>

	<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Entende os conceptos de <i>Ilustración e progreso</i> (1 punto).</p> <p>Comprende a pretensión da filosofía de Descartes e os seus conceptos máis destacados: método, primeira certeza, substancia pensante, substancia extensa, substancia infinita. (2 puntos)</p> <p>Utiliza correctamente os conceptos de <i>racionalismo, primeira certeza, método cartesiano, substancias pensantes, substancia infinita, empirismo, escepticismo, liberalismo, Ilustración, criticismo, idealismo trascendental kantiano, ética formal, imperativo categórico</i>. (2 puntos)</p> <p>Comprende o criticismo kantiano como unha síntese superadora do racionalismo e o empirismo. (2 puntos)</p> <p>Discrimina entre o que Kant entende por coñecemento científico, uso práctico da razón e reflexión metafísica. (1 punto)</p>
--	---

B. -AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: un exame tipo ABAU, preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores, etc.

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase, e especialmente a entrega de comentarios de texto dos autores seleccionados no currículo. Nos exames tamén se terán en conta aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxes, caligrafía, etc.

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados. Para aprobar é necesario acadar un 5.

AVALIACIÓN: 3ª

<u>BLOQUE III:</u>	<u>CONTEMPORÁNEO</u>
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: oito semanas</p> <p>CONTIDOS:</p> <ul style="list-style-type: none">-Alienación e ideoloxía en Marx.-Nietzsche: Crítica da cultura occidental.-Ortega y Gasset: A razón vital. <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Coñecer os aspectos máis destacados do materialismo histórico de Marx.</p> <p>Entender o concepto de vontade en Schopenhauer e a súa influencia no pensamento de Nietzsche.</p> <p>Entender a radical crítica de Nietzsche ó pensamento occidental tomando como criterio nuclear a inversión dos valores.</p> <p>Coñecer os aspectos máis destacados do pensamento de Ortega y Gasset.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Entende o concepto de <i>materialismo histórico</i>. (1 punto)</p> <p>Comprende o que entendía Schopenhauer por <i>vontade</i>. (1 punto)</p> <p>Comprende os conceptos máis destacados do pensamento de Nietzsche: <i>inversión dos valores, vontade de poder, superhome</i>. Utilízaos correctamente. (2 puntos)</p> <p>Utiliza correctamente os conceptos fundamentais da filosofía de Ortega y Gasset: <i>perspectivismo, raciovitalismo</i>. (1 punto)</p>

B. - AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: un exame tipo ABAU, preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores...

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase e especialmente a entrega de comentarios de texto dos autores seleccionados no currículo. Nos exames tamén se terán en conta aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxes, caligrafía...

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados. Para aprobar é necesario acadar un 5.

A nota final do curso será a media das tres avaliacións, tendo en conta o traballo durante todo o curso. Posibilidade de subir 1 punto cun traballo opcional (pódese facer individual ou en grupos de máximo 3 persoas) .
Temática: FILÓSOFAS

MATERIA:PSICOLOXÍA

CURSO:2ºBACHARELATO

AVALIACIÓN: 1ª

<u>TEMA 1:</u>	<u>A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA.</u>
	DURACIÓN APROXIMADA: 4 días
	CONTIDOS:
	Que é a psicoloxía e as súas raíces históricas.
	Ciencia ou non?

	<p>Escolas psicolóxicas. O seu obxecto de estudo.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Entender que é a psicoloxía e prexuízos acerca dela. Identificar as súas raíces históricas.. Coñecer as principais escolas psicolóxicas.. Ser quen de distinguir as diferentes aplicacións da psicoloxía. Coñecer como se investiga en psicoloxía.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p><u>Definir psicoloxía e entender a súa orixe. (1 punto)</u> Diferenciar entre diferentes escolas psicolóxicas. (1 punto) Funcións e aplicacións da psicoloxía. (1 punto) Definición dos diversos métodos. (1 punto) Diferenciar a psicoloxía básica e a aplicada. (1 punto)</p>
--	--

TEMA 2:	FUNDAMENTOS NEUROLÓXICOS E XENÉTICOS DA CONDUCTA
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: 10 días</p> <p>CONTIDOS:</p> <p>O sistema nervioso humano. Patoloxías cerebrais.</p>

Métodos de exploración e estudo do cerebro.

Conceptos básicos de xenética.

Bases hormonais da conduta e
sintomatoloxías patolóxicas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Entender o funcionamento do sistema nervioso humano.

Identificar as principais patoloxías cerebrais.

Coñecer os métodos de exploración do cerebro.

Ser quen de distinguir condutas instintivas e aprendidas.

Coñecer as principais emocións.

Coñecer a importancia do xenoma humano.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Definir conceptos fundamentais de xenética. (1 punto)

Coñecer algunhas patoloxías cerebrais. (1 punto)

Funcións e aplicacións da psicoloxía. (1 punto)

Definición de instintos humanos. (1 punto)

Coñecer o funcionamento do SNC. (1 punto)

Distinguir os principais neurotransmisores. (1 punto)

TEMA 3:	PROCESOS COGNITIVOS BÁSICOS
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS:</p> <p>Percepción e atención. Bases biolóxicas: os sentidos. Principais teorías sobre a percepción humana. Factores que inflúen na percepción.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Entender como funcionan os procesos cognitivos básicos. Identificar as súas fases.. Coñecer o funcionamento dos sentidos. Reflexionar sobre o papel dos sentidos na vida humana. Comparar as principais teorías sobre a percepción humana. Diferenciar distintos fenómenos perceptivos.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Definir os procesos cognitivos básicos. (1 punto) Diferenciar entre diferentes teorías sobre a percepción humana. (1 punto) Funcións e aplicacións dos sentidos na vida humana:diferenzas co mundo animal. (1 punto) Definición dos diversos métodos para mellorar a atención. (1 punto)</p>

B. - AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores, etc.

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase. Nos exames tamén se controlarán aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxas, caligrafía, etc.

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados.

No caso de que os grupos fosen moi reducidos, contéplase a posibilidade de substituír os exames por traballos ou proxectos individuais ou en grupo, que o alumnado terá que expor e defender na aula para a súa valoración. Para aprobar é necesario acadar un 5.

A nota final do curso será a media das tres avaliacións, tendo en conta o traballo durante todo o curso.

AVALIACIÓN: 2ª

TEMA 4	PROCESOS COGNITIVOS BÁSICOS: PERCEPCIÓN, MEMORIA E ATENCIÓN.
	DURACIÓN APROXIMADA: dez días CONTIDOS: Conceptos básicos da percepción humana.

	<p>Principais teorías sobre a percepción humana. Fenómenos perceptivos. A atención. Bases biolóxicas da memoria. O esquecemento.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Entender que é a percepción, a memoria e a atención. Identificar os fenómenos perceptivos básicos e as súas fases. Coñecer a estrutura e funcionamento da memoria. Ser quen de distinguir entre memoria a curto e longo prazo e as súas aplicacións. Coñecer técnicas para a mellora da memoria. Identificar as achegas da memoria colectiva.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Definir percepción, memoria e atención.(1 punto) Diferenciar as fases dos fenómenos perceptivos básicos. (1 punto) Funcións e aplicacións da memoria. (1 punto) Coñecer as principais teorías sobre a percepción. (1 punto) Distinguir os fenómenos perceptivos. (1 punto) Coñecer o papel da memoria na nosa vida. (1 punto)</p>
--	---

TEMA 5:	APRENDIZAXE, PENSAMENTO E INTELIXENCIA
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: 10 días</p> <p>CONTIDOS:</p> <p>Historia da psicoloxía do aprendizaxe.</p> <p>Tipos de condicionamento.</p> <p>O aprendizaxe social.</p> <p>Estratexias de aprendizaxe.</p> <p>O razoamento.</p> <p>Toma de decisións e solución de problemas.</p> <p>Pensamento creativo.</p> <p>O desenrolo da intelixencia.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Definir aprendizaxe, pensamento e intelixencia.</p> <p>Identificar os diversos tipos de condicionamentos.</p> <p>Coñecer as estratexias de aprendizaxe</p> <p>Ser quen de distinguir pensamento crítico e creativo.</p> <p>Coñecer as fases de desenrolo da intelixencia.</p> <p>Saber construír razoamentos argumentados.</p> <p>Analizar a intelixencia artificial.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Definir conceptos fundamentais dos procesos cognitivos superiores. (1 punto)</p> <p>Coñecer algunhas patoloxías cerebrais. (1 punto)</p>

	<p>Funcións e aplicacións da intelixencia e o aprendizaxe. (1 punto)</p> <p>Definición de procesos e fundamentos de condicionamento. (1 punto)</p> <p>Coñecer o funcionamento do reforzo-castigo. (1 punto)</p> <p>Distinguir os principais neurotransmisores. (1 punto)</p>
--	--

TEMA 6	MOTIVACIÓN E EMOCIÓN
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS:</p> <p>Conceptos básicos da motivación. Teorías sobre a motivación. Las emociones e teorías sobre elas. A frustración e o estrés</p> <p><u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</u></p> <p>Entender cómo funciona e que é a motivación. Identificar os compoñentes da motivación. Coñecer e clasificar os motivos. Reflexionar sobre o papel da motivación na vida humana. Comparar as principais teorías sobre a motivación humana.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Definir os procesos básicos de motivación. (1 punto)</p>

	<p>Diferenciar entre diferentes teorías sobre a motivación humana. (1 punto)</p> <p>Funcións e aplicacións das emocións na vida humana: diferenzas co mundo animal. (1 punto)</p> <p>Definición dos diversos métodos para mellorar a aprendizaxe a través da motivación. (1 punto)</p>
--	--

B. - AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores, etc.

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase. Nos exames tamén se vixiarán aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxes, caligrafía, etc.

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados.

No caso de que os grupos fosen moi reducidos, contemplase a posibilidade de substituír os exames por traballos ou proxectos individuais o en grupo, que o alumnado terá que expor e defender na aula para a súa valoración. Para aprobar é necesario acadar un 5.

AVALIACIÓN: 3º

TEMA 7	PERSONALIDADE E PSICOPATOLOXIA
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS:</p> <p>Que é a personalidade e teorías sobre o seu desenvolvemento.</p> <p>Avaliación da personalidade e a súa construción.</p> <p>Trastornos de personalidade.</p> <p>Conceptos básicos de psicopatoloxía.</p> <p>Trastornos mentais.</p> <p>Psicoterapia e psicofarmacoloxía.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Entender como se constrúe a personalidade.</p> <p>Identificar as distintas teorías acerca dela.</p> <p>Coñecer os principais trastornos de personalidade.</p> <p>Ser quen de distinguir as enfermidades mentais máis frecuentes.</p> <p>Coñecer como actuar dende a psicoterapia.</p> <p>Comprender como actúan os psicofármacos.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Definir temperamento e carácter. (1 punto)</p> <p>Diferenciar teorías sobre a personalidade. (1 punto)</p> <p>Coñecer como se avalía a</p>

	<p>personalidade en psicología. (1 punto)</p> <p>Definición dos principais trastornos de personalidade. (1 punto)</p> <p>Coñecer a historia da psicopatología. (1 punto)</p> <p>Avaliación e criterios diagnósticos. (1 punto)</p>
--	--

TEMA 8	PSICOLOXIA SOCIAL
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS:</p> <p>A identidade social do eu.</p> <p>O proceso de socialización.</p> <p>Rol y status social.</p> <p>Estereotipos, prexuízos e discriminación</p> <p>Psicología do traballo: o liderazgo.</p> <p>Manipulación interpersonal: a importancia dos grupos.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN:</p> <p>Entender o funcionamento do eu.</p> <p>Identificar os axentes de socialización.</p> <p>Coñecer a interiorización de normas e valores.</p> <p>Ser quen de distinguir condutas sociais e antisociais.</p> <p>Coñecer a importancia das diferenzas culturais.</p> <p>Analizar a psicología de grupos e os roles.</p>

	<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:</p> <p>Definir conceptos fundamentais de psicoloxía social. (1 punto)</p> <p>Coñecer as diferenzas culturais. (1 punto)</p> <p>Funcións e aplicacións da psicoloxía do traballo. (1 punto)</p> <p>Definición de rol, status, liderazgo, manipulación. (1 punto)</p> <p>Coñecer os principais prexuízos da nosa sociedade. (1 punto)</p> <p>Analizar a interiorización de normas. (1 punto)</p>
--	--

B. - AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores, etc

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase. Nos exames tamén se vixiarán aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxes, caligrafía, etc

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados.

No caso de que os grupos fosen moi reducidos, contéplase a posibilidade de substituír os exames por traballos ou proxectos individuais ou en grupo, que o alumnado terá que expor e defender na aula para a súa valoración. Para aprobar é necesario acadar un 5.

FILOSOFÍA CURSO: 4º ESO

AVALIACIÓN: 1ª

TEMA 1:	DE QUE TRATA A FILOSOFÍA?
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS: Os inicios do saber filosófico. A filosofía occidental e a súa historia. Filosofía teórica e práctica. Para que serve a filosofía.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Crear unha liña temporal sobre a historia da filosofía. Formular preguntas filosóficas e distinguilas doutro tipo de preguntas. Elaborar disertacións e comentar textos filosóficos. Reflexionar sobre o papel da filosofía no mundo de hoxe.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Definir e entender que é a filosofía. (1 punto) Coñecer as orixes da filosofía. (1 punto) Elaborar unha cronoloxía da historia da filosofía. (1 punto) Distinguir entre filosofía teórica e práctica. (1 punto) Coñecer as preguntas fundamentais da filosofía. (1 punto)</p>

	Analizar se ten sentido e futuro a filosofía hoxe. (1 punto)
--	--

TEMA 2	QUEN SON EU?
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS: Personalidade e identidade. Teorías da personalidade. Afectividade e motivación. Construír a propia identidade.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Ser quen de formular preguntas sobre a personalidade. Coñecer as principais teorías sobre a personalidade. Distinguir entre teorías de rasgo e de tipo. Reflexionar sobre os condicionamentos na construción da personalidade Coñecer as aportacións da intelixencia emocional.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Definir e entender a identidade humana.(1 punto) Clasificar as principais emocións humanas. (1 punto) Elaborar unha disertación sobre autoconcepción e autoestima. (1 punto) Distinguir os principais tipos de identidade. (1 punto) Coñecer en que se fundamenta a</p>

	dignidade humana. (1 punto)
--	-----------------------------

TEMA 3:	O SER HUMANO
	<p>DURACIÓN APROXIMADA: dez días</p> <p>CONTIDOS: Ser humano e filosofía. Teorías sobre a alma humana. O ser humano como proxecto. Vontade e sentimentos no ser humano.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Contextualizar propostas filosóficas acerca do ser humano.. Describir as diferenzas corpo e mente. Elaborar disertacións e comentar textos filosóficos. Relacionar comportamentos e sentimentos. Reflexionar sobre propostas filosóficas acerca do ser humano.</p> <p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Definir e entender o que é o ser humano. (1 punto) Coñecer a relación alma-mente. (1 punto) Elaborar unha disertación sobre a dignidade humana. (1 punto) Distinguir entre herdanza e aprendizaxe. (1 punto) Coñecer as preguntas fundamentais que se fixo o ser humano o longo dos</p>

	séculos. (1 punto) Analizar o sentido, o papel e o futuro do ser humano hoxe. (1 punto)
--	--

B. - AVALIACIÓN

Haberá un só exame por avaliación, no que entrará toda a materia vista no trimestre. É obrigatorio para todo o alumnado presentarse a este exame e só se cambiará a data do mesmo se presenta xustificante médico oficial. O alumnado que suspenda a avaliación deberá presentarse obrigatoriamente á recuperación. A nota que obteña na recuperación será a que faga media ó final do curso.

O tipo de exame pode ser: preguntas teóricas curtas e breves para ver a capacidade de síntese; ou ben longas para analizar a competencia lingüística e de razoamento do alumnado.

Tamén se contemplan preguntas tipo test, definicións, comentario de frases de autores, etc.

Terase en conta para a nota final o traballo do alumnado na clase. Nos exames tamén se vixiarán aspectos formais: presentación, faltas de ortografía, marxes, caligrafía, etc.

A ponderación será de 80 % exame e 20% o resto de items mencionados. Para aprobar é necesario acadar un 5.

A nota final será a media das tres avaliacións, tendo en conta ademais o traballo realizado durante o curso.

AVALIACIÓN: 2º

TEMA 4	BUSCANDO A VERDADE
